



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



A profesión ou a vida

Bo día. Un saúdo especialmente agarimoso para Érika. Benvida e noraboa. De corazón, de parte de todas as compañeiras e compañeiros no mellor recoñecemento que che podemos facer desde a propia profesión.

É unha honra que hoxe recollas aquí este premio tan cargado de significación e que non deixa de ser un desiderátum: a LIBERDADE de prensa. Un ideal, unha utopía da que nos afastamos. Este premio, que naceu dunha ferida aberta que supuraba como a Guerra de Irak, na que deixou a vida Jose Couso, entrégase hoxe á sombra doutra, a de Putin, un sátrapa delirante que, a bo seguro, Érika padeceu ben. Pasaron vinte anos e as guerras existen, persisten, aniquilan, danan con feridas entre pobos irmáns que endexamais se pechan.

Rusia, por desgraza, non é unha excepción, nin unha illa. Este 2022 xa son 26 os xornalistas asasinados facendo o seu traballo, os máis deles en México, proba de que son moitas as guerras que nos atezan: as que se contan e as soterradas. Tamén son moitos os disfraces e as camuflaxes coas que os poderes e os poderosos se visten para manipular o relato e maquillar a censura. A verdade é un mísil que os destrúe. A construción da mentira é o seu escudo.

Non sexamos inxenuas. Non caíamos no erro de pensar que isto acontece a miles de quilómetros en China, México, Qatar ou Shanghai. NON! A censura tamén corre polas nosas rúas e son pequenas as trincheiras nas que a verdade resiste.

A censura é refinada. Corre polas redaccións, polas emisoras e platós de televisión a golpe de teléfono, de ameazas educadas vestidas de garabata, cargadas de malas intencións e repletas de peaxes.

A censura ten, ademais, boas aliadas: a manipulación e os embustes que corren como a pólvora polas redes. Odios sen filtro. Mentiras sen filtro con aparencia de verdade en letra de imprenta.

A censura ten aínda unha fórmula máis dolorosa: a autocensura. Ter que escoller entre a profesión ou a vida, entre o xornalismo e a vida.

Nós, que poñemos voz a tantos colectivos, calamos sobre a nosa propia precariedade, a deste xornalismo rápido, urxente, impuro e cautivo do capital e da publicidade. A do xornalismo pequeno, de contratos breves e xornadas longas. Dunha profesión que pasou de idealizada a deconstruída, que nos empurra a ter que escoller entre o xornalismo ou a vida.

Hoxe poñemos voz a moitas compañeiras que foron marchando deste oficio, renunciando a un soño que unha vez tiveron na procura do que o xornalismo lles nega: estabilidade, dereitos e liberdade para unha vida con vida dentro.

Tantas que o merecían pero non chegaron a ser xefas dos xefes que sempre tiveron. Tantas que perderon salario e o favor das empresas ao ter fillos e fillas e a ousadía de pedir menos tempo de traballo ou un tempo de traballo mellor organizado para coidalos. A tantas que fixeron malabarismos imposibles para tirar adiante nesta longa pandemia tecleando entre xogos e merendas.

Á desigualdade histórica de ser muller, as xornalistas témoslle que sumar outras eivas. Lidar co machismo, loitar co síndrome da impostora, tolerar con moita man esquerda o paternalismo absurdo, facer oídos xordos a brincadeiras sexistas dos compañeiros e camuflar a propia figura para esquivar as olladas masculinas.

Pero ademais disto, común a outras moitas profesións, **o xornalismo ten os seus propios machismos.**

A lei da vantaxe para homes que non coidan e poden adicar as 24 horas do día a unha cabeceira. Poden preguntarlles ás compañeiras da televisión por que se fan invisíbeis cando pasan dos 40 ou ás periodistas deportivas que agardan en segundo plano case que decorativo nos faladoiros dos compadros até que os varóns lles dan a palabra. Poden preguntarse cantos faladoiros deportivos pilota unha muller.

O machismo no xornalismo é invisible para as que exercen como falsas autónomas e teñen que escoller entre o traballo e ser nais, porque os medios non agardan por elas e non cobren a maternidade.

Pregunten ás nais xornalistas cal é o prezo de seren competitivas e o de coidar: pregúntenlles canto lles custa a férula coa que durmen para que o estrés non lles esnaquice os dentes, pregúntenlles como se pode vivir coa sensación perpetua de non chegar a nada.

Podemos preguntarlles tamén ás xornalistas máis novas que empezan de bolseiras logo de anos de estudo e formación como se senten cando caen na conta de que o redactor xefe non rematou o bacharelato, e botan a vista darredor e atopan que outros compañeiros varóns acaparan traballos sen titulación coa complicidade e aquiescencia das súas empresas informativas e o compadreo das institucións. Moitas fican no paro co diploma baixo o brazo.

Podemos preguntarlles tamén ás compañeiras que miran o reloxo para que non se lles pase a hora de ir dar a cea ao seu pai, dependente, que están coidando. Que, aínda sen fillos, non poden quedar ata o peche e tampouco ás cañas dalgúns días onde, coma se fora cousa dun milagre, ás veces se deciden temas ou ascensos. Cantas renunciadas polo camiño. Cantos dilemas entre o xornalismo e a vida que moitos compañeiros varóns non tiveron. Preguntas que lanzamos hoxe aquí para unha reflexión colectiva sobre unha verdade: a de ter que escoller entre a profesión e a vida, entre o xornalismo e a vida, como ben sabe Érika. Poñéndolle voz a outras voces e ás propias.

Rematamos xa. Hai unha guerra de forzas pola verdade. Unha verdade que nos cambiaron polo mal chamado relato: unha estafa sofisticada.

As nosas palabras aínda poden ser as bombas que neutralizan as súas mentiras. Fagamos das nosas voces unha ráfaga imparabile. Que non teñamos que escoller entre a profesión ou a vida.

Marta Corral, Patricia Hermida e Lorena Bustabad